

## **PREGUNTA DE AER SOBRE A SEGURIDADE NA N-555**

PLENO 30 OUTUBRO 2014. ACTA 15/2014

Vendo que no pasado pleno ordinario o alcalde compareceu a petición de AER pero non respondeu ás preguntas que lle fixemos sobre a seguridade viaria na estrada N-555, volvemos preguntarlle (1 pregunta é nova):

- van tomar algunha medida para que os camións reduzan a súa velocidade e leven toldos?
- van sinalizar as paradas do bus escolar en Negros e Vilar?
- vai facer Fomento beirarrúas dende o Canabal ata a Rabadeira, e de non ser así, vaillas esixir?.

*O Alcalde resposta que se van a tomar medidas sobre os camións para que reduzan a velocidade, que se esixiu a súa limpeza como consecuencia das obras do AVE e que se están realizando controis de velocidade. Respecto á sinalización das paradas do bus escolar, consultará co concelleiro a posibilidade de facelo. E respecto ás beirarrúas, as esixiron porque non cumpren os requisitos de seguridade, se realizarán en distintas fases cando teñan o proxecto.*